

BATALLA DE GRUPOS 2020

DESCRIPCIÓN

A **batalla de grupos TRECE ROEIS** celebrarase o **11 de Xullo de 2020**, co fin de promover, impulsar e difundir a música independente galega e en galego de calquer estilo, onde destaque a orixinalidade, innovación e fusión dos temas. Está organizado pola Asociación Cultural “Os Trece Roeis” e está dividido en 2 fases:

FASE A (Fase de inscrición)

As inscricións levaranse a cabo dende o día **23 de Febreiro do 2020 ó 23 de Abril do 2020**.

Nesta fase realizarase unha selección de 12 bandas/grupos según o criterio do noso xurado profesional. Os seleccionados publicaranse nas **redes sociais do Trece Roeis Fest** (Facebook, Instagram e Twitter) o día 13 de Maio de 2020.

FASE B

A orde de actuación elixirase mediante sorteo, o cal se celebrará previamente. Dito sorteo e a orde de actuación colgarase tanto na web coma nas redes sociais. A organización porase en contacto con anterioridade coas formacións para confirmar asistencia e dispoñibilidade horaria.

Os concertos comezarán ás 16:00h, dispoñendo cada grupo dunha actuación de 30 minutos.

Unha vez rematada esta fase coñeceremos os 4 primeiros clasificados da **BATALLA DE GRUPOS Trece Roeis 2020**, que serán os 4 mellor valorados polo **xurado profesional** (ver bases), así coma o **gañador da BATALLA DE GRUPOS Trece Roeis**, o cal actuará para tod@s @s presentes unha vez entregados os premios.

*O fallo do xurado será inapelable.



BATALLA DE GRUPOS 2020

BASES

1.- Poderán participar tódol@s artistas/bandas/grupos que o desexen independentemente do seu estilo (rock, folk, rap, fusión, indie..)

2.- Este concurso terá ámbito peninsular, podendo participar tódolos grupos que desenrolen a súa carreira musical en calquer lugar da península.

3.- Os grupos estarán compostos por un máximo de 8 integrantes.

4.- Valoraranse positivamente os temas ou cancións orixinais de creación propia. Asimesmo poderanse presentar grupos con cancións versionadas. Neste caso valorarase a orixinalidade na adaptación do tema ao estilo proposto de cada grupo.

5.- Se hai letra nas cancións deberase empregar o **idioma galego**.

6.- **Rebezo** como banda gañadora da edición 2019 **non poderá participar**.

7.- Documentación a enviar para participar no concurso (**cubrir ficha de inscrición**):

- NOME DO GRUPO e NÚMERO DE COMPONENTES

- LOCALIDADE e PROVINCIA

- ENDEREZO ELECTRÓNICO e TELÉFONO DE CONTACTO

- NOME e DNI de tódol@s integrantes do grupo. No caso de ser menores adxuntarase unha autorización por parte da nai, pai ou titor/a legal.

- TRES TEMAS ou cancións nun arquivo de audio formato MP3. Cada arquivo terá que estar nomeado co título da canción.

- DOSSIER (opcional) e FOTO ACTUALIZADA da formación.

- RIDER do grupo.

*Dita documentación mandarase por email a **info@treceeroisfest.com** nunha carpeta comprimida (**NOME_DO_GRUPO.zip**), poñendo no **asunto do correo** da seguinte maneira:

BATALLA13R – NOME_DO_GRUPO



BATALLA DE GRUPOS 2020

**Antes de finalizar a data de inscrición a organización porase en contacto con cada grupo, confirmando que a solicitude foi enviada correctamente. No caso de que isto non sucedese poñédevos en contacto de novo para detectar o erro.

8.- Xurado profesional

- **Xurado profesional:** Estará composto por técnic@s, promotor@s, profesor@s ou artistas do panorama musical. Valorarán a orixinalidade dos temas e a calidade técnica da actuación. Na fase B, dito xurado fará unha valoración da actuación de 6ptos. a 12ptos., sacando unha media entre tódol@s componentes. Repartiranse as seguintes puntuacións de máis a menos valoración: 1.º +12ptos.; 2.º +10ptos.; 3.º +8ptos.; 4.º +6ptos.

9.- Premios

O **gañador** final terá dereito a:

- Tocar no escenario principal do **TRECE ROEIS FEST 2020**
- GRAVACIÓN, EDICIÓN E MASTERIZACIÓN dun DISCO de 6 temas (mínimo) en estudio.
- GRAVACIÓN de UN VIDEOCLIP multi-cámara en estudio, sobre un dos temas.
- PRESENTACIÓN do DISCO na sala de concertos “EME MUSIC CLUB” en Santiago de Compostela.
- SUBIDA dos temas gravados ás distintas plataformas dixitais (Spotify, iTunes, etc).
- 100 COPIAS en CD e UN LIBRILLO de 6 páxinas.

O **segundo** clasificado terá dereito a:

- ESTANCIA de DÚAS noites en APARTAMENTO(S) TURÍSTICO(S) para toda a banda na RIBEIRA SACRA.
- ACTIVIDADE de entretenemento para disfrutar entre tod@s @s integrantes do grupo.
- VISITA GUIADA nunha das BODEGAS da RIBEIRA SACRA.

O **terceiro** clasificado terá dereito a:

- VISITA GUIADA polas BODEGAS REGINA VIARUM.
- Lote de produtos relacionados coa RIBEIRA SACRA e CDs de artistas galegos.



BATALLA DE GRUPOS 2020

O cuarto clasificado terá dereito a:

- VISITA GUIADA polas BODEGAS RECTORAL DE AMANDI.
- Lote de produtos relacionados coa RIBEIRA SACRA e CDs de artistas galegos.

+ O premio non será canxeado polo seu valor económico.

++ O disco terá que ser gravado co mesmo nome do grupo e participarán @s mesm@s integrantes que se presenten a batalla de grupos o día 11 de Xullo.

+++ @s participantes terán que renunciar a cobrar dereitos de autor pola actuación. A xestión e pago dos dereitos de autor trala gravación do disco, si se dese o caso, correrá a cargo do grupo.

10.- Concurso

A organización resérvase o dereito a realizar os cambios que considere convintes por motivos xustificadas, así coma declarar deserto calquer premio, se o cre oportuno.

Os grupos deberán dispor de **instrumental propio** e o **backline completo** para o concerto.

A organización só aportará o equipo de iluminación e son. Ademais dunha batería* (a usar por tódolos grupos), tres pantallas* (2 de guitarra e 1 baixo) e os monitores necesarios (mínimo 2). Tamén correrá a cargo da organización os técnicos de son e iluminación.

No caso de que algún grupo necesitase máis material ou material máis específico terá que ser aprobado pola organización previamente. *Ver características ao final do documento.

A organización resérvase o seu dereito de expulsar a un participante se a súa conducta durante o evento é considerada perxudicial para a imaxe do concurso ou no caso de que a organización sospeite que consegue os votos de maneira irregular ou ilícita.

A organización resérvase o dereito de expulsar a un participante no caso de que toque en máis de 2 bandas, así coma ao(s) grupo(s) que se vexan afectado(s).

Todo grupo clasificado para a segunda fase e que confirmara a súa asistencia a batalla de grupos e que por causas non xustificadas non asista, quedará excluído durante as seguintes 3 edicións para participar en calquer evento organizado pola mesma asociación.

Tódolos grupos que queiran probar e ter un tempo de ensaio, poderán facelo na mesma mañá do concurso, dende as 11:00h.

A organización NON se fai cargo do desplazamento, estancia ou demais gastos derivados nin dos compoñentes do grupo, nin dos seus acompañantes.

A organización resérvase o dereito de modificar CALQUEIRA PUNTO destas bases ANTES do comezo do concurso e sempre por un motivo debidamente xustificado.

A participación neste concurso implica a aceptación da totalidade das bases.



BATALLA DE GRUPOS 2020

*Características técnicas:

- **Batería SONOR AQ1:**
 - o Bombo 22"
 - o Timbales 10", 12"
 - o Floor Tom 16"
 - o Caja 14"
 - o Soporte Chaston Sonor (serie 2000)
 - o 2 Soporte Jirafa Sonor (serie 2000)
 - o Pedal bombo (serie 2000)
 - o Sillin Sonor (serie 2000)
 - o Platos
 - Sabian Hi Hat B8x 14"
 - Crash Zildijan Zbt 14"
 - Ride Sabian B8 Pro 20"

 - **2x Amplificadores de guitarra Marshall JCM 2000 o 900**
 - **2x Pantallas de Guitarra Marshall 1960 4X12"**

 - **Amplificador de Bajo Gallien Krueger/Mark Bass/Ampeg**
 - **Pantalla de Bajo Gallien Krueger/Mark Bass/Ampeg 4X10"**
-

